

# Ubicación da Canteira



## ▶ Cómo chegar Canteira Monte da Costa, Arteixo

Para chegar á canteira poden seguirse dous camiños. Se se vén desde A Coruña en dirección a Arteixo pola estrada AC-552, pode desviarse xa á altura de Vilarrodís, ao final da travesía. Á esquerda hai un letreiro (Lista Arenas y Gravas), tómase para seguir baixando e entre as casas cara ao sur, uns 400 metros, hai que pasar por debaixo da autoestrada AG-55 para dar á canteira.

Se se prefire, pode tomarse como referencia a rotonda do polígono de Sabón. A esta rotonda pódese chegar desde A Coruña, pero tamén desde a autoestrada AP-9 (circulando en dirección A Coruña desde Santiago tómase a saída 16 en dirección Arteixo, ata coller a AC-551 en dirección Arteixo, chegando á rotonda). De igual xeito, e se se vén desde a Autovía do Noroeste, A6, desde Lugo ou Betanzos, debe seguirse por esta autovía en dirección Arteixo ata coller a AC-551.

Unha vez nesta rotonda do polígono de Sabón, hai que coller a estrada AC-552, dirección Arteixo-Carballo, circulando polo carril esquierdo para virar nesa dirección no primeiro cruce. Cómpre seguir pola Travesía de Arteixo e virar á esquerda nun desvío indicado co cartel de Lista Arenas y Gravas para coller a Avenida de San Estevo de Morás (AC-0511), collendo á dereita nas dúas bifurcacións que ten a estrada; despois de cruzar a autoestrada por enriba, virar á esquerda e seguir o camiño indicado polos carteis ata chegar á canteira.

## Data

Ata o 31 de Decembro de 2006

## Horario

Sábados e domingos  
de 11.00 h a 18.00 h.

## Lugar

Canteira Monte da Costa, 8  
Arteixo - A Coruña

## Colaboran

**LISTA GRANIT**



## Co apoio da



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA

## Presentes no futuro




CÁMARA OFICIAL  
MINEIRA DE GALICIA



Pol. Moto Grande  
Rúa María Puga Cerdido, Edif. Lugrís Vadillo  
15009 A Coruña  
Tlf.: 981 139 663  
Fax: 981 139 664  
[cmg@camaraminera.org](mailto:cmg@camaraminera.org)  
[www.camaraminera.org](http://www.camaraminera.org)

# O Bosque

I Intervención Artística en Espazos Mineiros



Camilo Rodríguez Vidal



LISTA  
ARENAS  
Y  
GRAVAS  
S.A.

**LISTA GRANIT**

CÁMARA OFICIAL  
MINEIRA DE GALICIA




CÁMARA OFICIAL  
MINEIRA DE GALICIA

A Cámara Oficial Mineira de Galicia, corporación representativa das empresas do sector mineiro de Galicia, está promovendo manifestacións artísticas que aproxímen o sector e os espazos mineiros á sociedade. A actividade mineira de Galicia, que é básica na xeración de emprego e riqueza para o país, quere tamén contribuír á nosa cultura.

Neste sentido, os proxectos de “Intervención Artística en Espazos Mineiros” pretenden conxugar diversos contornos da actividade mineira con variadas iniciativas artísticas. Comezamos este ciclo co conxunto escultórico “O Bosque”, baixo unha forma de expresión artística próxima ao Land Art na canteira Monte da Costa de Arteixo (A Coruña) que explota a empresa Lista Arenas y Gravas, S.A.

**Queremos agradecerlle** de maneira especial á empresa Lista Arenas y Gravas, S.A. a súa colaboración neste proxecto, por poñer a disposición o lugar de exposición e levar a cabo a montaxe da obra.



# O Land Art é...

**Land Art** é un xeito de expresión artística que toma a paisaxe como parte fundamental da obra, xa sexa nun espazo virxe ou baixo a influenza humana. As obras de arte elabóranse a partir do medio natural, ben porque a paisaxe actúa como soporte ou escenario da obra ou ben por ser a materia prima. O principio fundamental do Land Art é alterar, de xeito artístico, a superficie da Terra.

O outro factor clave é o tempo, dado que a maioría das obras de arte teñen un carácter efémero. Sen embargo, tamén hai obras de tipo escultórico ou monumental, en cuxos esquemas se inclúe o factor tempo de longa duración.

Esta arte reflicte a relación directa do artista coa natureza xa que non se limita só a representala, senón que deixa a súa pegada nela. En todos os casos, débese actuar con respecto, sen realizar accións agresivas para o medio.

## **O Escenario: Canteira Monte da Costa, Arteixo**

A empresa Lista Arenas y Gravas, SA dedica a súa actividade á producción de áridos que se extraen da canteira de granito Monte da Costa. O sistema de expotación desta canteira é a ceo abierto, mediante bancos descendentes duns 10 metros de latura. Os materiais extraídos empreganse na fabricación de formigón e de materiais para a construcción de estradas. Anualmente, esta canteira produce 350 000 toneladas de áridos.



# Camilo Rodríguez e a súa obra

## **Camilo Rodríguez Vidal e a súa obra**

O autor é un novo pintor e escultor padronés. O seu obradoiro está na Casa do Bispo, na parroquia de Seira de Rois (A Coruña).

Desde os 15 anos participa en numerosas exposicións de pintura e escultura. A súa obra escultórica coñece unha ampla variedade de materiais e técnicas: madeira, pedra e bronce. Obras en bronce como o busto de Antón Fraguas (rotonda de Conxo, en Santiago), o Peregrino en Padrón, o Apóstolo Santiago a Cabalo (de 4 metros de altura) ou o busto a Antón Avilés de Taramancos (Alameda de Noia) vanse convertindo en referencias do seu traballo. O monumento en pedra en homenaxe a Rosalía de Castro (paseo da Ribeira de Rianxo), ou o monumento da Malla (xunto ao auditorio de Valga), así como unha serie de tallas coloreadas en pedra, amosan as súas habilidades con este material.

A intervención escultórica “O Bosque” constitúe unha nova aposta do artista por explorar novos códigos estéticos de información, capaces de enlazar aqueles espazos da natureza e a actividade produtiva que neles se realiza mediante propostas artísticas como a que se presenta.

## **Proceso de creación**

A pedra empregada procede case toda da canteira na que se realiza a iteración; o material que extraeu o home da montaña volve ocupar o mesmo espazo pero cunha forma diferente. A obra está composta por mais de 30 arbores dispostas en espiral que poden ter unha altura de 7 metros e un peso de ata 50 T. O tronco componse de entre 1 e 3 bloques rectangulares de granito de cor gris, vermella e negra. As copas son pedras irregulares, resultado da alteración natural, e proveñen da mesma canteira.

## **Observacións:**

- Exposición limitada no tempo (ata o 31 de decembro)
- Para entrar con INVITACIÓN: poden solicitala na propia canteira ou na Cámara Mineira [www.camaramineira.org](http://www.camaramineira.org)
- Respete as indicacións do persoal e a sinalización do aparcadoiro e da zona de visita.
- Está permitida a fotografía e gravación da obra.